

MARIA EDGEWORTH

O castelo Rackrent

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

Luns á mañá

Pola amizade que lle profeso á familia en cuxa propiedade –a Deus grazas!– os meus e eu mesmo vivimos sen pagar alugueiro des que teño memoria, asumín por propia iniciativa a tarefa de publicar as *Memorias da familia Rackrent*¹. Así pois, antes de nada, considero que debo falar brevemente da miña persoa.

O meu verdadeiro nome é Thady Quirk, aínda que os meus parentes sempre me alcumaron o honrado Thady. Algo despois, con *sir* Murtagh xa fenecido, lembro que pasei a ser coñecido como o vello Thady, e, dun tempo a esta parte, como o pobre Thady; este último apelativo responde ao feito de vestir abrigo tanto no inverno coma no verán, cousa que é ben práctica, na medida na que poño bo coidado de non meter os brazos polas mangas, de maneira que a peza loce

¹En inglés, a denominación Rackrent agocha un significado que cabe facer notar por ser un dos eixes temáticos da presente obra. Así, *rack rent* tradúcese quer como renda abusiva, quer como renda pactada entre arrendador e arrendatario á marxe do marco legal ou sen as taxas estipuladas por este.

nova do trinque. Coa chegada da vindeira Holantide², haberá sete anos que teño o tal abrigo; suxéitase, por certo, cun único botón á altura do pescozo, a xeito de capa.

Dificilmente quen me vexa pensará que o pobre Thady é o pai de Quirk o avogado, un cabaleiro distinguido que, pese a quen lle pese, amasa máis de mil cincocentas libras ao ano, posúe terras e mira con desdén para o honrado Thady. Secasí, eu lavo as mans, nada teño que ver cos seus manexos; igual que vivín, así morrerei, fiel á familia.

Os Rackrent son, e afirmoo con orgullo, unha das familias máis antigas do reino. Todo o mundo sabe que en orixe o seu apelido non era ese, senón O'Shaughlin, con vínculos cos reis de Irlanda..., mais iso aconteceu antes da miña época.

O meu avó era cocheiro ao servizo do gran *sir* Patrick O'Shaughlin, e eu, sendo un neno, oínlle contar a historia de como o castelo Rackrent pasara a mans de *sir* Patrick. *Sir* Tallyhoo Rackrent, que era curmán de *sir* Patrick, tiña unha magnífica propiedade que endexamais mandou choer, pois sostiña que non había valado tan útil coma un carro. Pobre home! Perdeu un maxestoso cabalo, e con el a vida; todo a un tempo, nunha mesma xornada de caza. Ora ben, no que a min respecta, beizón para aquel día, pois grazas a iso as terras caeron directamente en poder dos O'Shaughlin, cunha condición que a *sir* Patrick naquel entón lle custou aceptar, disque, pero que logo asumiría sen miramentos ao comprender a magnitude do que estaba en xogo: debía, por decreto parlamentario, adoptar

²Celebración pagá que se remonta á Idade Media e que logo se vincularía ao Día de Todos os Santos.

